CONCELLO DE PONTEVEDRA

Número de expediente:2021/RECPER/000054

ANUNCIO

ASUNTO: RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE RESOLVE O RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO O DÍA 13 DE XULLO DE 2021 POR DONA MERCEDES MUNAIZ ALONSO CONTRA O ACORDO DO TRIBUNAL DE DATA 2 DE XULLO DE 2021 RELATIVO AO RESULTADO DO QUINTO EXERCICIO E A PROPOSTA DE NOMEAMENTO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO (UNHA DELAS RESERVADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE) DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C1, INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020, QUENDA LIBRE

Con data 29/07/2021 a concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura ditou a seguinte resolución:

"(...)

En atención ás circunstancias expostas, esta Concellería de Goberno, no exercicio das súas atribucións, tendo en conta os artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas,

RESOLVE

Primeiro.- Aceptar e asumir integrante o informe de data 26/07/2021 do Tribunal Cualificador do proceso selectivo convocado para a provisión de tres prazas de administrativo (unha delas reservada para persoas con discapacidade) da escala de administración xeral, grupo C, subgrupo C1, incluídas na ampliación da OEP do ano 2020, quenda libre, que se transcribiu na parte expositiva desta resolución e que se emitiu en relación ao recurso de alzada presentado o día 13/07/2021 por dona Mercedes Munaiz Alonso contra o acordo do Tribunal cualificador de data 2/07/21, polo que se publicaba o resultado do quinto exercicio, a cualificación definitiva e a proposta de nomeamento do devandito proceso selectivo.

Segundo.- De conformidade co informe de data 26/07/2021 mencionado no resolvendo primeiro e en base ás consideracións e motivacións expostas no mesmo, desestimar a reclamación formulada no recurso de alzada da Sra. Munaiz Alonso contra o quinto exercicio do proceso selectivo convocado para a provisión de tres prazas de administrativo (unha delas reservada para persoas con discapacidade) da escala de administración xeral, grupo C, subgrupo C1, incluídas na ampliación da OEP do ano 2020, quenda libre, no relativo a que a penalización das preguntas mal contestadas non é conforme ás bases reguladoras do proceso selectivo.

Terceiro.- De conformidade co informe de data 26/07/2021 mencionado no resolvendo primeiro e o informe emitido con data 23/07/2021 por don Jesús Lorenzo Ron, persoal asesor do referido tribunal para o 5º exercicio, e en base ás consideracións e motivacións expostas nos mesmos, desestimar a pretensión formulada no recurso de alzada presentado por dona Mercedes Munaiz Alonso, de considerar como resposta correcta á pregunta nº 16 a opción d) así como a de anulación da pregunta nº 19 do quinto exercicio do proceso selectivo.

Cuarto. - De conformidade co informe de data 26/07/2021 mencionado no resolvendo primeiro e o informe emitido con data 23/07/2021 por don Jesús Lorenzo Ron, persoal asesor do tribunal para o 5º exercicio, e en base ás consideracións e motivacións expostas nos mesmos, estimar as reclamacións formuladas no recurso de alzada presentado por dona Mercedes Munaiz Alonso, contra as preguntas nº 16 e nº 5 do quinto exercicio do proceso selectivo e, en consecuencia, anular as ditas preguntas nº 16 e nº 5 do quinto exercicio do proceso selectivo convocado para a provisión de tres prazas de administrativo (unha delas reservada para persoas con discapacidade) da escala de administración xeral, grupo C, subgrupo C1, incluídas na ampliación da OEP do ano 2020, quenda libre.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:XAMP4PTN9L8D80CY

Quinto.- En consecuencia coa anulación das citadas preguntas nº 16 e nº 5 do quinto exercicio acordada no resolvendo anterior, requirir ao Tribunal cualificador para que efectúe unha nova valoración desta proba sobre 18 preguntas, mantendo o resto de criterios e acordos adoptados polo mesmo Tribunal na sesión do día 1/07/2021; corrixa novamente os exercicios das persoas aspirantes e emita os acordos que procedan como consecuencia do anterior, entre os que poden estar a proposta de nomeamento, os cales deberanse publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello para xeral coñecemento e efectos.

Sexto.- Dar traslado da presente resolución, xunto coa indicación do recurso contencioso administrativo que proceda contra a mesma á recorrente, dona Mercedes Munaiz Alonso, así como a secretaria do Tribunal cualificador do proceso selectivo para o seu cumprimento e efectos.

Sétimo.- Sen prexuízo do anterior, publicar un anuncio da parte resolutiva desta resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra

(...)".

O que se publica para xeral coñecemento e efectos.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O director xeral de recursos humanos

Asinado por: JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ ABAL
Servizo: PRESIDENCIA E ASUNTOS XERAIS
Cargo: DIRECTOR XERAL DE RECURSOS HUMANOS
Data: 29/07/2021
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:XAMP4PTN9L8D80CY